# NIN UN BIQUIÑO Á FORZA

ADAPTACIÓN : EDLG DO CEIP PLURILINGÜE
IRMÁNS VILLAR ( Curso 2020/21 )

Hai

taaantos

bicos!



Hai bicos de boa noite



dibujoscolorear.es

ou bicos de simple ledicia por
un agasallo.



Hai bicos para sandar se te mancas.



Hai bicos porque si, porque
alguén che ten cariño.



Tamén se dan bicos sen tocar:
por exemplo, bicos de papel
nunha carta



ou bicos que se sopran e
mandan polo aire.



Non todo o mundo bica coa boca: a xente esquimó bica co nariz.

Os bicos son case
sempre agradabeis
e dan sensacións
estupendas.

Tamén hai bicos
que dan sensacións
raras.
Ás veces, incluso noxo.



Déronche algunha vez un bico tan forte nunha orella, que despois non oías nada?



Coñeces a sensación
das lambetadas e bicos
dun can co fociño
mollado e frío?

Os bicos
son marabillosos
cando che apetecen
e dan sensacións
agradabeis.
Ti podes escoller.

Quizais
quixera bicarte
alguén que non che cae ben:

daquela
podes dicir

NON

Ou quizais
quixera que lle deas un bico
alguén que che cae ben,
pero non che apetece nese
momento.
Tamén podes dicir
NON.

Pode ser que a outra
persoa non o entenda
ou lle pareza mal.

Pero
tí
podes decidir
cando bicas
e
a quen
bicas.

Ti

tes dereito

a decidir.

Podes

dicir

NON.

Fai a proba.
E se non funciona
cóntallo a outra xente
ata que alguén che axude.
Podes dicirllo a unha amiga
ou a un amigo.

Ao mellor
tamén che axuda a persoa que
che deu este libro
ou a que agora está lendo
contigo.

# Nin un biquiño
# á forza!